



## ADMINISTRACIÓN LOCAL

### MUNICIPAL

#### MELIDE

*Aprobación inicial do orzamento xeral do Concello de Melide do ano 2025, límite de gasto non financeiro, cadro de persoal e masa salarial do persoal laboral do Concello de Melide*

#### EDICTO

Aprobado inicialmente polo Pleno da Corporación na sesión ordinaria do 28 de novembro de 2024 o orzamento correspondente ao exercicio 2025, o límite do gasto non financeiro, cadro de persoal e masa salarial do persoal laboral do Concello de Melide para o dito exercicio, de conformidade co disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, queda exposto ao público na Intervención deste Concello por prazo de quince días hábiles, que comezarán a contar dende o seguinte ao da inserción do presente anuncio no Boletín Oficial da Provincia. Durante ese prazo poderán os interesados/as formular as reclamacións que estimen pertinentes.

No caso de que transcorrido o prazo de información pública non se tivesen presentado reclamacións, o orzamento considerarase definitivamente aprobado; en caso contrario, o Pleno disporá dun mes para resolvelas.

O que se fai público para os efectos previstos na citada lexislación.

Melide, 29 de novembro de 2024

O alcalde

José Manuel Pérez Penas

Documento asinado electronicamente.

2024/8632